

1. Introducción	2
2. A vida do centro	2
2.a. Características do centro	2
2.b. Números de grupos e alumnos	3
2.c. Enquisa sobre as prácticas lectoras	4
2.d. Análise da enquisa	5
3. A coordinación do proxecto	6
3.a. Membros colaboradores	6
3.b. Funcións dos membros colaboradores	6
3.c. Coordinación do equipo colaborador	7
4. Proxecto lector	7
4.a. Actividades	7
4.b. Obxectivos do Proxecto Lector	10
4.c. Plan de uso da biblioteca escolar	15
5. Recursos	17
5.a. Persoais	17
5.b. Materiais	17
5.c. Organizativos	17
6. Difusión do Plan á comunidade educativa	18
7. Criterios e procedementos de avaliación	19
7.a. Criterios de avaliación	19
7.a.I. Criterios de avaliación xerais	19
7.a.II. Criterios de avaliación específicos	20
7.b. Procedementos de avaliación	21
7.b.I. Procedementos de avaliación xerais	22
7.b.II. Procedementos de avaliación específicos	22

## **1. Introducción**

Co fin de facilitar a consecución dos obxectivos que a Lei Orgánica de Educación e a Comunidade Autónoma de Galicia sinalan para as etapas de ensino obrigatorio, o noso centro debe elaborar e incluír no proxecto educativo de centro, o proxecto lector que integre todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura e da escritura e á adquisición das competencias básicas.

O plan anual de lectura e o proxecto lector de centro garantirán a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden, de cara a súa formación como cidadáns activos e solidarios.

## **2. A vida do centro**

### **a. Características do centro**

O Colexio Vista Alegre inicialmente estaba situado na rúa Pizarro (Vigo) e trasladouse en 1973 a un chalé situado en Cabral, barrio do municipio de Vigo próximo á antiga estrada nacional de acceso á cidade e que linda coas parroquias de Candeán, Lavadores, Bembrive e Mos.

En 1977 construíuse un edificio de 3 plantas, anexo ao chalé inicial, onde actualmente residen todas as aulas e se deixou o chalé para os servizos de comedor, despachos e salas de profesores. En 1994, polo Real Decreto 1004, realizáronse obras no centro: engadiuse unha planta mais ao edificio, púxose un ascensor e escaleiras de emerxencia e cubriuse un dos patios.

Actualmente, o centro conta cun patio cuberto, un descuberto, e un patio especialmente deseñado para o alumnado de Educación Infantil, Ximnasio, Aula de Informática (en proceso de remodelación), Ludoteca, Salón de actos, aula de tecnoloxía e Biblioteca (en vías de desenvolvemento).

O colexio ten 3 unidades de Educación infantil, 6 de Educación Primaria e 4 de Educación Secundaria Obrigatoria, conta con Gabinete psicopedagóxico, unha especialista en Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica e un Equipo de Orientación.

As familias que conforman a comunidade educativa teñen un nivel socio - económico medio - baixo e as unidades familiares están compostas por unha media de 4 membros, aínda que en moitos casos se aprecia a presenza de persoas maiores dentro do núcleo familiar. O idioma predominante é o castelán, aínda que se observa a presenza do galego sobre todo entre a poboación mais maior.

O ámbito social do centro caracterízase pola presenza de diversas dotacións e recursos municipais, como por exemplo:

- Pavillón Polideportivo Loureiro
- Campo de Fútbol de Carballal
- Campos de Fútbol de Cotogrande
- Parque Forestal de Bandeira
- Montes de Cotogrande
- Parques infantís: Loureiro, Caeiro, Fritaría
- Hospital do Meixoeiro

**b. Números de grupos e alumnos/as**

O noso centro ten todos os niveis do 2º Ciclo de Educación Infantil, de Educación Primaria e de Educación Secundaria Obrigatoria. Contamos cun total de 252 alumnos/as, divididos nos seguintes grupos:

<b>NIVEL</b>	<b>GRUPOS</b>	<b>ALUMNADO</b>
4ºEd Infantil	1	12
5ºEd Infantil	1	14
6ºEd Infantil	1	22
1º Primaria	1	16
2º Primaria	1	18
3º Primaria	1	11
4º Primaria	1	20
5º Primaria	1	24
6º Primaria	1	15
1º ESO	1	28
2º ESO	1	28
3º ESO	1	27
4º ESO	1	15

**c. Enquisa sobre as prácticas lectoras**

Para coñecer cales son as prácticas lectoras do alumnado do noso centro, os mestres realizarán unha enquisa os 13 últimos alumnos/as de cada grupo, dende Educación Infantil 5 anos ata 4º ESO. A enquisa será a seguinte:

## ENQUISA SOBRE AS PRÁCTICAS LECTORAS

1. **Gústache ler?**  
 Moito                       Pouco                       Nada
2. **Que adoitas ler?**  
 Cómics, tebeos...    Contos            Novelas            Revistas, xornais...
3. **Consideras que os teus pais len...?**  
 Moito                       Pouco                       Nada
4. **Cando adoitas ler?**  
 Todos os días                       De cando en vez                       Case nunca
5. **Canto tempo dedicas á lectura fóra do colexio?**  
 Moito tempo                       Pouco tempo                       Nada
6. **Para que les?**  
 Para divertirme                       Para saber máis                       Ningunha das dúas
7. **Por que les?**  
 Porque me gusta    Porque me obrigan    Porque creo que é necesario
8. **Onde les?**  
 Na miña casa                       Na biblioteca                       Na ludoteca
9. **Cantos libros/ebooks tes na casa?**  
 De 0 a 10.    Entre 10 e 50.            Entre 50 e 100.            Máis de 100.
10. **Cando te regalan libros/ebooks?**  
 Con frecuencia                       Algunhas veces                       Case nunca
11. **Cantos libros/ebooks les ao mes? .....**
12. **Gústache dispoñer no colexio dunha biblioteca de aula?**  
 Si     Non
13. **Cal é a túa valoración da biblioteca da aula?**  
 Está ben    Podería estar mellor            Mal                       Moi mal
14. **Usaches algunha vez a biblioteca do colexio?**  
 Si     Non
15. **Cres que a lectura é necesaria?**  
 Si     Non

#### **d. Análise da enquisa**

Despois de realizar a enquisa os diferentes grupos e estudar os resultados podemos afirmar que:

- Observase que, na maioría dos casos, os alumnos foron adquirindo un gusto pola lectura que, a medida que van crescendo e accedendo aos cursos superiores de Educación Secundaria, se vai perdendo progresivamente. Os resultados falan dun 48,25% de alumnos e alumnas aos que lles gusta ler; un 41,26% aos que lles gusta ler pouco e un 10,48% aos que ler non lles gusta nada.
  - Mentres que en Educación Infantil e Primaria o alumnado amosa a súa preferencia polos contos, na ESO os seus gustos decántanse claramente polas novelas.
  - Debido o baixo nivel cultural da zona, apréciase que o 45% dos alumnos enquisados len de cando en vez e tan so un 37,76% dos discentes o fan con asiduidade. De forma xeneralizada, dedican pouco tempo á lectura sendo aínda demasiado elevado a porcentaxe de alumnos/as que non lle dedican nada de tempo: un 13,98%.
  - Resulta paradóxico que, a pesar de que o alumnado afirma que len porque lles gusta e o fan para divertirse e para saber máis, lle dediquen pouco tempo e con tan pouca frecuencia.
  - De forma xeneralizada, o tempo de lectura dedícanllo na casa e so un pequenísimo grupo (1,41%) len nunha biblioteca ou nunha ludoteca, o que demostra que a maioría dos discentes descoñecen o funcionamento das mesmas así como o protocolo de actuación para alugar un libro.
  - A pesar de que o alumnado di que ten libros na súa casa, recoñecen que non lles regalan libros con frecuencia. Poderíamos afirmar que estes non son atractivos para eles ou non son aptos para a súa capacidade cognitiva ou interese.
  - Destácase a cantidade de libros que len os alumnos/as ao mes que aumenta dende Educación Infantil ata o 2º ciclo de Primaria pero a partir desta etapa é cando decrece de forma alarmante, xa que, en Secundaria, os/as rapaces/zas so len as lecturas obrigadas.
  - O 73,92% dos discentes enquisados afirman que lles gusta ter a súa disposición unha biblioteca de aula e os sistema de empréstito dos libros; sen embargo, moitos destes alumnos/as cren que podería estar mellor pero outros moitos cren que lles gustan moito os libros que hai. A medida que a idade do alumnado vai en aumento, o seu interese polos libros que hai na biblioteca da aula, vai decrecendo.
  - É moi salientable que a maioría dos alumnos enquisados, empregou a biblioteca do colexio (60,13%), mentres que o 39,86% nunca a utilizou.
  - Final e paradóxicamente, un porcentaxe altísimo cre que a lectura é necesaria pero dedícanlle pouco tempo a esta actividade fora do colexio e soamente a levan a cabo de cando en vez.
- ❖ **Os datos e o análise desta enquisa son do proxecto anterior. Non foi posible realizalas cando correspondía debido ao estado de confinamento no que nos atopabamos. Por este motivo, unha vez que sexan recollidos os resultados serán comentados na addenda do próximo curso.**

### **3. A coordinación do proxecto**

#### **a. *Membros colaboradores***

##### **Coordinador:**

- Tamara Ferreiro Trigo (Mestra de Educación Infantil e Primaria).

##### **Equipo de profesores colaboradores:**

- García Castro, Ruth.
- González Castro, Pablo.
- Hernández Román, Eva María.
- Parra Máiquez, Alejandro.
- Piñeiro Pérez, Marta.

#### **b. *Funcións dos membros colaboradores do proxecto***

As funcións que debe realizar o encargado de coordinar e os membros colaboradores serán as seguintes:

- Dinamizar e impulsar a aplicación do proxecto lector: En colaboración co Equipo Docente, a coordinadora realizará unha programación sobre a apertura da biblioteca e as diferentes actividades que se levarán a cabo nela e fóra dela ao longo do curso, tendo en conta as medidas sanitarias correspondentes derivadas da COVID-19.
- Asesorar ao profesorado do centro na solución dos problemas que poidan xurdir no desenvolvemento do proxecto. É necesario coordinar e facilitar as actividades lectoras previstas e as que vaian xurdindo por grupos e por etapas para realizar as distintas actividades e posterior avaliación.
- Fomentar a creación de contidos educativos polo profesorado do centro e a súa difusión a toda a comunidade educativa. Anotaranse todas as actividades que se realicen a favor da lectura.

Ademais das funcións xerais, haberá que arbitrar as medidas necesarias para articular o traballo do profesorado colaborador e garantizará:

- A maior participación e implicación posible do profesorado na elaboración e implimentación do proxecto lector e do plan da biblioteca escolar, atendendo as Alexandro medidas sanitarias derivadas da COVID-19, as finalidades educativas, aos proxectos curriculares e ao proxecto educativo do centro, realizando o seguimento e valoración das actuacións emprendidas. Débese tender a que o profesorado ou a súa grande maioría se implique no proxecto lector, aportando ideas e desenvolvendo actividades tanto dentro como fóra do horario escolar. Os departamentos están comprometidos en incluír actividades de fomento da lectura nas súas programacións.
- O asesoramento ao profesorado en estratexias de comprensión lectora e de fomento da lectura, formación do alumnado en habilidades de uso da información, información sobre materiais de apoio para o traballo na aula, etc.
- A información ao claustro respecto das actuacións relacionadas co proxecto lector e as intervencións da biblioteca (garantindo as medidas de protección ante a COVID-19), canalizando as súas demandas, propostas e opinións.

### **c. Coordinación do equipo colaborador.**

A coordinación e colaboración con axentes externos que interveñan en actividades, tanto no horario lectivo como en horario extraescolar. Xunto co Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares veranse actividades organizadas por axentes externos como son os contacontos, as visitas de autores, etc.

A detección e proposta de liñas de formación do profesorado: Recolleranse propostas de formación por parte do profesorado. As posibles formacións serían referidas a:

- metodoloxía para buscar información.
- literatura xuvenil.
- uso de materiais audiovisuais.
- animación á lectura.

## **4. Proxecto lector**

### **a. Actividades:**

**Realizadas no centro:**

### **EDUCACIÓN INFANTIL:**

- **Biblioteca de aula:** Realízase levando a cabo un servizo de empréstito tal e como se fai na "biblioteca de maiores". Para levar a cabo este proxecto, necesítase a colaboración de todos, polo que cada neno debe levar un libro ao colexio e permanecerá na clase. Desta forma os nenos poderán levar un libro cada fin de semana, mostrando o seu carné de biblioteca que deberán traer todos os venres para sacar un libro (o carné será facilitado polo centro). Os libros devolveranse os luns. O protagonista da semana poderá contar o seu conto lido nesa fin de semana. Esta actividades se leva a cabo a partir do segundo trimestre, no 4º; 5º e 6º a partires de outubro. Isto non se poderá levar a cabo mentres dure a situación do COVID-19.
- **Bits:** Diariamente, se pasarán os bits correspondentes aos seguintes conceptos:
  - a) No 4º curso de Educación Infantil: matemáticos, enciclopédicos e de lectura.
  - b) No 5º curso de Educación Infantil: enciclopédicos e de lectura.
  - c) No 6º curso de Educación Infantil, só enciclopédicos.
- **Escritura:** Os alumnos/as de Educación Infantil van adquirindo, progresivamente, as vogais, as consoantes e palabras e frases sinxelas coas que irán compoñendo a súas propias producións.

Ademais, os discentes comezan a iniciarse na grafomotricidade, desde os 3 anos ata o seu paso a Educación Primaria. Este proceso lévase a cabo aprendendo a coller correctamente o lapis, manipulando con distintos materiais (area, cintas no chan, etc.).

## **EDUCACIÓN PRIMARIA:**

### **Desenvolvemento do Plan Lector a nivel interdisciplinar:**

- Lectura, en voz alta, con entoación, pausas e expresividade dos diversos textos de cada unha das unidades e a súa corrección.
- Explicación do significado das palabras descoñecidas para o alumnado.
- Realización de actividades orais e escritas para desenvolver a súa capacidade de comprensión.
- Lectura silenciosa de distintos textos: contos, poemas, cómics...
- Descubrir o gusto pola lectura como fonte de gozo e aprendizaxe.
- Tódolos días, se dedica media hora especificamente á lectura de contos, prensa, textos... Pode ser individual ou colectiva.
- Un día á semana, os nenos e nenas redactan os seus propios contos, rimas, pareados, poemas...
- Lectura ao resto da clase das súas composicións.
- Recortar palabras e compoñer frases con ditas palabras.
- Realización de carteis para o Día do libro, o Día da Paz..., tras o paso da COVID-19.
- Uso do dicionario para traballar o vocabulario buscando as palabras con significado descoñecido.
- Actividades para mellorar a lecto-escritura
- Visita de contacontos ó colexio.
- Os nenos e nenas participarán como contacontos para outros niveis, a partir de que remate a COVID-19.

### **Biblioteca de aula:**

- Os alumnos e as alumnas poden coller un libro para levar a casa, se acabaron de ler o anterior. Isto non se levará a cabo durante a COVID-19.
- Lévese un rexistro dos alumnos e dos respectivos libros que len, facendo un resumo e un debuxo do mesmo. Isto non se levará a cabo mentres dure a COVID-19.

### **Lectura dun libro por trimestre proposto polo profesor de 3º a 6º de Primaria:**

#### **1º e 2º trimestre:**

- Lectura individual na casa durante a fin de semana dos capítulos propostos polo profesor.
- Formulación de preguntas orais sobre a lectura dos capítulos lidos na casa.
- Lectura en voz alta por parágrafos ou páxinas a proposta do profesor ao longo de dúas/tres sesións por semana.
- Uso do dicionario para traballar o vocabulario buscando as palabras con significado descoñecido.
- Posta en común con comentarios orais ao terminar o libro.
- Realización da ficha lectora.
- Resumo escrito do libro.
- Visita dun escritor ou escritora.

#### **3º trimestre:**

- Traballar o vocabulario.
- Comprensión do texto de xeito oral.
- Lectura de poemas e adiviñas.
- Escenificación de obras teatrais lidas no trimestre.

### **NA MATERIA DE LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS):**

- Lectura oral na corrección de exercicios na aula para mellorar a pronunciación.
- Lectura oral, na clase ou individual na casa, de textos adaptados en contidos gramaticais e vocabulario a cada unidade, con varias actividades de comprensión.
- Lectura dun libro que consta de tres capítulos, traballados un por trimestre. Len de forma individual, pero se traballa en grupo na aula a través de actividades escritas e facendo un exame de comprensión.
- En tódalas sesións, se dedica un mínimo de 15 minutos á lectura dos diferentes textos, actividades...

### **E.S.O.:**

#### **Desenvolvemento do Plan Lector a nivel interdisciplinario:**

- Lectura, en voz alta, durante 15 minutos, dos diversos textos de cada unha das unidades, corrección da mala lectura ou mala pronunciación e acentuación das palabras dos mesmos.
- Insistencia na correcta entoación para unha mellor transmisión e comprensión da lectura.
- Explicación das palabras de significado descoñecido para o alumnado, tomando como referencia a etimoloxía, tipo de palabra (derivada, composta, cultismo, préstamo lingüístico, etc.) de xeito que os-as estudantes se acostumen a facelo de xeito automática e poidan evitar depender do uso do dicionario.
- Realización de actividades de comprensión oral e escrita dos textos tanto nos libros da aula como en formato dixital (audiolibros).
- Explicación e realización de actividades de reafirmación dos conceptos relacionados coa actividade da escritura: substantivos, verbos, adverbios..., signos de puntuación, recursos estilísticos..., diferentes xéneros literarios e tamén rexistros (formal, informal, coloquial, familiar, culto).

### **Inglés:**

- Lectura oral na corrección de exercicios, 15 minutos por sesión, na aula para mellorar a pronunciación
- Lectura oral, na clase (10 minutos) ou individual na casa, de textos adaptados en contidos gramaticais e vocabulario a cada unidade, con variadas actividades de comprensión.
- Lectura por trimestre dun libro adaptado a cada nivel da ESO. Len pola súa conta e fan exame de comprensión, a través de diferentes actividades. Máis dirixidas en 1º e 2º da ESO, e máis libres en 3º e 4º, cursos nos que se lles pide xa unha certa competencia na produción escrita. Este ano académico debido a situación de prevención Covid, tratarase de empregar audiolibros on-line ou a través de aplicacións, en lugar do libro físico para evitar interaccións coa biblioteca de aula. Poderán facerse tamén, de ser necesario, as probas de avaliación on-line coa ferramenta de Google formularios.

Con esta actividade preténdese fomentar a lectura dende *varios* aspectos:

- é obrigatoria
- é unha avaliación da lectura sempre positiva, xa que o resultado acadado corresponde ata un 30% da nota total. Polo tanto, sempre paga a pena ler.
- Son títulos e xéneros escollidos pensando nos intereses dun alumnado adolescente.
- Lectura de información cultural en páxinas web, revistas dixitais ou calquera medio impreso para a preparación e exposición dun tema que se poderá incluír no exame oral ou ben para buscar respostas a preguntas específicas plantexadas pola profesora.
- Introduciremos as Web-quests como estratexia construtivista que serve para facilitar a aprendizaxe a cal permite ao alumnado desenvolver habilidades para analizar, sintetizar, transformar, publicar e compartir información. ... Están intimamente relacionadas co desenvolvemento de competencias para o manexo da procura de información.

#### **Francés:**

- Como segunda lingua estranxeira, Francés é materia común para todo o alumnado en 1º e 2º da ESO, pasando a ser optativa en 3º ESO o que non impide que siga a mesma planificación e desenvolvemento do plan lector que a primeira lingua estranxeira, Inglés.

#### ***b. Obxectivos do Proxecto Lector:***

#### **Xerais:**

- Desenvolver as habilidades lectoras perceptivas propias de cada etapa para conseguir a suficiente fluidez en cada nivel.
- Ampliar a comprensión lectora, non só no área lingüística senón nas diversas materias do currículo.
- Elaborar un programa de lecturas axeitadas para cada nivel.
- Propiciar que os alumnos pasen de ser lectores pasivos a activos, para que a lectura ocupe ratos do seu descanso e ocio.
- Implicar a todo o profesorado no plan lector para contribuír desde a súa área a mellorar a lectura.
- Potenciar o uso da Biblioteca de Aula e do Centro para que se use con asiduidade. Sen embargo, durante a COVID-19 non se levará a cabo.
- Promover campañas ou concursos que favorezan a lectura, premiando cun galardón o que resulte o máis lector do trimestre. Esta medida non se levará a cabo mentres dure COVID-19.
- Desenvolver capacidades básicas relacionadas coa escritura: caligrafía, ortografía, coherencia na concreción de textos...

**Específicos (a desenvolver en catro anos):**

Traballaranse de xeito sumativo de maneira que a cada ano sucesivo se integren os anteriormente tratados.

**EDUCACIÓN INFANTIL:**

➤ **A desenvolver no ano académico 20 - 21:**

- Fomentar o gusto pola lectura e implicar aos nenos/as no proceso de organización.
- Manipular os libros.

➤ **A desenvolver no ano académico 21 - 22:**

- Espertar e aumentar o interese do alumno/a pola lectura.
- Potenciar a comprensión lectora desde todas as áreas do currículo.

➤ **A desenvolver no ano académico 22 – 23:**

- Asociar nomes coas imaxes correspondentes.
- Asociar diferentes sons coas diferentes grafías.

➤ **A desenvolver no ano académico 23 – 24:**

- Ir ampliando progresivamente o vocabulario.
- Manter e ir aumentando progresivamente a atención no tempo dedicado á lectura.

## **ACTIVIDADES PROPOSTAS:**

- Biblioteca de aula: Levarase a cabo dende o inicio do curso. Esta actividade levarase a cabo cando remate a situación xerada polo COVID-19.

## **EDUCACIÓN PRIMARIA:**

### ➤ **A desenvolver no curso académico 20 - 21:**

- Aumentar progresivamente o tempo de atención ante a lectura oral e a lectura grupal.
- Ler con fluidez, entoación e expresividade axeitada.
- Mellora da calidade da grafía e da ortografía dos discentes.
- Resumir coherentemente textos lidos.

### ➤ **A desenvolver no curso académico 21 – 22:**

- Empregar a lectura para ampliar o vocabulario e mellorar a comprensión.
- Promover a lectura silenciosa.
- Afianzar a lectura como fonte de gozo.

### ➤ **A desenvolver no curso académico 22 – 23:**

- Facer lectura silenciosa.
- Utilizar a dicionarios, enciclopedias e internet como fonte de aprendizaxe e información.
- Descubri-los distintos xéneros literarios, contando con obras axeitadas para cada idade e que sexan representativas de cada un dos distintos xéneros que se tratan na área de lingua castelá e lingua galega.

### ➤ **A desenvolver no curso académico 23 – 24:**

- Crear textos propios.
- Adquirir os rudimentos necesarios para ser quen de empregar os diferentes rexistros lingüísticos dependendo de cada situación comunicativa a través dos diferentes textos tratados ao longo do ano.

## **ACTIVIDADES PROPOSTAS:**

- Preparación dunha obra de teatro, que se representará para o resto dos nenos.
- Realización de descrições de seres vivos, retratos e paisaxes.
- Realización de redaccións.

**E.S.O.****➤ A desenvolver no curso académico 20 - 21:**

- Contemplar a lectura como fonte de pracer, información, e coñecemento.
- Ampliar o campo de lectura permitindo que traian a clase revistas, xornais, cómics, recitatorios, poemas, cancións que sexan de consulta habitual para o alumnado.
- Dar a coñecer a obra dos clásicos.
- Analizar Wattpad como ferramenta on-line de lecto-escritura xuvenil.
- Implicar ao alumnado na celebración do Día do libro, e na elaboración da xornada de radio.

**➤ A desenvolver no curso académico 21 – 22:**

- Traballar máis intensamente os diálogos das unidades para adquirir unha entoación e pronunciación de tintes teatrais.
- Dar a coñecer as grandes obras teatrais.
- Representar algunha obra teatral traballada na clase.
- Engadir os twits como ferramenta para traballar a lectura dun xeito máis frecuente e motivador.
- Implicar ao alumnado no Día do libro e das Letras Galegas.

**➤ A desenvolver no curso académico 22 – 23:**

- Incidir nas diferenzas na estrutura narrativa dun resumo, dunha sinopse, dunha crítica literaria ou artigo de opinión para empregala correctamente á hora de ofrecer un xuízo sobre un texto lido.
- Delimitar os items a ter en conta cando se trata de comparar, avaliar, analizar ou enxuizar textos lidos.
- Implicar ao alumnado no Día do libro e das Letras Galegas.

**➤ A desenvolver no curso académico 23 – 24:**

- Implicar ao alumnado en todas as actividades de celebración do centro que impliquen a lecto-escritura.
- Motivar ao alumnado para que fagan unha escolla de títulos, aplicacións, páxinas web ou plataformas que estean relacionadas coa lectura para recomendar aos compañeiros-as.
- Elaborar coa participación do alumnado obras de distintos xéneros: poesía, teatro, conto infantil e novela.
- Incentivar a lectura individual de calquera xénero como fonte de distracción e pracer.

**ACTIVIDADES PROPOSTAS:**

- Realización de resumos, por parellas, de artigos extraídos de diversas revistas que deberán traer a clase. Este resumo será lido ao resto dos compañeiros. Esta actividade levarase a cabo nas seguintes datas: 20 de decembro; 22 de marzo; e 30 de maio.

- Competición de vocabulario e ortografía despois de cada unidade. Empezarase o 17 de outubro e rematará a actividade a final de curso.
- Lectura dun libro, en lingua castelá, un día fixo á semana, por curso. A actividade comezará a o 22/23 de outubro e finalizará cando se remate o libro.
- Lectura dun libro, en lingua galega, un día fixo á semana, por curso. A actividade comezará a finais de xaneiro e finalizará cando se remate o libro.
- Obradoiro e concurso de Regueifas para os cursos de 2º e 3º de ESO. A data da actividade aínda está por concretar pero calcúlase que se levará a cabo entre os meses de marzo e abril.

A última actividade levarase a cabo sempre que o protocolo fronte a situación sanitaria Covid o permita.

### ACTIVIDADE PROPOSTA PARA SER REALIZADA POR TODO O CENTRO:

Todas as actividades programadas en grupo ou en grandes grupos serán reformuladas por e para medios telemáticos (intranet, web do colexio...) mentras dure a situación da Covid.

TEMPORALIZACIÓN	ACTIVIDADE	OBXECTIVO	MEDIDAS	NIVEIS
30 de outubro 2020	Halloween	Coñecer e apreciar outras culturas	Exposición de cabazas a través da intranet	Todo o Colexio
20 de novembro de 2020	Día Universal da Infancia	Tomar conciencia da vulnerabilidade da infancia noutras partes do mundo	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lecturas</li> <li>• Debate</li> </ul>	Todo o Colexio
25 de novembro de 2020	Día Internacional contra a Violencia de Xénero	Promover e concienciar o rexeitamento desde tipo de violencia	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lecturas</li> <li>• Actividades para amosar na intranet</li> </ul>	Todo o Colexio
10 de decembro de 2020	Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos	Promover a igualdade e os dereitos de todos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lecturas</li> </ul>	Todo o colexio
22 de decembro de 2020	Festa do Nadal	Celebración do nadal	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Festival de panxoliñas e</li> </ul>	Todo o colexio

			bailes virtuais	
30 de xaneiro de 2021	Día Escolar da non Violencia e da Paz	Resaltar os principios democráticos de liberdade	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lectura do manifesto</li> <li>• Canción da paz de forma virtual</li> </ul>	Todo o Colexio
12 de Febreiro de 2021	Entroido			Todo o Colexio
8 de marzo de 2021	Día Internacional da Muller	Coñecer as mulleres relevantes na historia	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lecturas</li> </ul>	Todo o Colexio
7 de abril de 2021	Día Mundial da Saúde.	Fomentar a importancia duns hábitos de hixiene saudables	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades para previr o covid-19</li> </ul>	Todo o Colexio
Entre o 19 ao 23 de abril de 2021	Semana do Libro.	Fomentar a lectura	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Concurso de relato curto na intranet</li> </ul>	Todo o colexio
Do 10 ao 14 de maio de 2021	Día das Letras Galegas	Coñecer costumes e tradicións galegas	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Diversas actividades na intranet</li> <li>• Canto do himno virtual</li> </ul>	Todo o colexio
Xuño 15 de xuño de 2021	Festival de fin de curso.	Convivencia de toda a comunidade educativa	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Festival de bailes virtuais</li> </ul>	Todo o colexio

**c. Plan de uso da biblioteca escolar (Non aplicable mentres dure a situación do COVID-19)**

### **Espazos e instalacións actuais**

- Salón de actos
- Biblioteca.
- Estantes e mobiliario para libros.
- Fondos editoriais importantes (desfasados en parte).
- Material audiovisual escaso (unha pequena cantidade de cintas de vídeo, CD; DVD).

### **Servizos e horarios**

- A biblioteca escolar facilita a documentación relativa aos temas transversais, ofrecendo dossieres, elaborando materiais, elaborando exposicións e propiciando as actividades e debates sobre temas comunmente acordados e propostos pola comunidade escolar.
- O proxecto de biblioteca escolar require coordinación, organización de traballo en equipo, posta en marcha de recursos, uso de medios audiovisuais informáticos e impresos, implicación de pais e nais de alumnos, colaboración de institucións e asociacións, así como a avaliación dos traballos realizados polo programa posto en práctica.
- A biblioteca escolar se enfoca na axuda ao traballo persoal de os alumnos, como lugar de estudo e realización de tarefas escolares e programas de estudo dirixido.
- Ademais, pretende ser un lugar de información literaria e doutros recursos que responda a o desenvolvendo programas de lectura, actividades culturais, días do libro, xornadas de animación á lectura, etc.
- Na actualidade hai unha persoa encargada da biblioteca que está nela dúas horas a semana.

- Apertura:

4.c.i.1.b.i.a) En horario escolar para todos os niveis, a cargo dos titores/as, bibliotecarios e membros do Equipo de Biblioteca de acordo á súa dispoñibilidade horaria e ás actividades que se van a realizar, e nos recreos, a cargo de mestre e alumnos-bibliotecarios, de luns a venres para ou alumnado de primaria e secundaria..

4.c.i.1.b.i.b) En horario extraescolar de luns a xoves, a cargo de mestres-bibliotecarios.

- Servizos:

..a) Préstamo individual e colectivo

..b) Lectura en sala e consulta

..c) Formación de lectores

..d) Animación á lectura

..e) Extensión Cultural e Servizo de Información

### **Actualizacións a realizar na biblioteca**

#### **OBXECTIVOS DE MELLORA**

Dado que a Administración Educativa non aporta axudas para a mellora, posta en funcionamento de novos recursos e adquisición de novos materiais para a Biblioteca do centro, as propostas de mellora aprázanse para cando otorguen fondos para tal fin.

#### **ACTIVIDADES PROPOSTAS PARA O USO E FOMENTO DA BIBLIOTECA**

- Confección de materiais: fichas de libros, material audiovisual, fichas persoais de lectura, separadores...
- Utilización da biblioteca durante o horario escolar, como lugar de lectura e estudo dirixido, así como para o traballo persoal.
- Establecer en horario lectivo, un servizo de biblioteca escolar a todos os cursos do centro, acordado en Claustro e en coordinación cos ciclos.
- Confección dunha folla de recomendacións de lecturas para todos os ciclos.
- Pedir todo tipo de material a editoriais (en papel ou soporte dixital)
- Charlas de autores ou contacontos ( a través de editoriais), mesmo autores dos libros de texto.
- Implicación dos estudantes de educación artística de tódolos niveis no decorado e acondicionamento da biblioteca (previa planificación e horario)
- Incluír os restos de libros do mercadiño no fondo bibliográfico da biblioteca.
- Pedir colaboración ós pais a través do ANPA para que doen libros ou material audiovisual, e tamén presten libros antigos para facer algunha exposición ó longo do ano.
- Contemplar todas as datas que teñan que ver coa literatura, lectura, arte... (día do libro, día do mestre, día da prensa...) e facer actividades relacionadas no espazo biblioteca.
- Inventar datas que poidan chamarlles atención ós alumnos ( día do alumno, semana do cómic, do conto, día da lectura) pero para ser celebradas na biblioteca con actividades específicas e dirixidas.
- Concertar visitas a bibliotecas municipais ou doutros centros educativos para suplir as que non concede o concello.(Previo planificación, fixando obxectivos que os alumnos deben acadar ó final da visita- non só ir por ir).

#### **5. Recursos**

##### **a. *Persoais***

Os principais axentes destinados a fomentar os hábitos de lectura e escritura son os propios mestres, por iso é importante implicar a todo o claustro nesta tarefa, previa aceptación e sensibilización do Plan por parte do Profesorado e bibliotecario/a.

##### **b. *Materiais***

- Biblioteca xeral.
- Biblioteca de aula.
- Libro de lectura, anual ou trimestral de uso na aula, ficha e cuestionario.
- Sala de Informática (acceso a internet).
- Sala de vídeos (videoforum).
- Salón de actos

### **c. Organizativos**

- Horarios.
- Espazos.
- Tempos.
- Acompañamento por parte do profesor.
- Visitas fora do centro a outras bibliotecas ou librerías e exposicións.

## **6. Difusión do Plan á comunidade educativa**

A lectura é a base de todo coñecemento, o noso colexio vén insistindo no seu fomento desde hai varios anos. Pero o fomento da lectura debe levarse a cabo tamén desde casa, as familias xogan un papel fundamental. Canto máis cedo estean expostos os nenos/as ao fascinante mundo dos libros, mellor.

A familia é o primeiro educador e os nenos/as aprenderán dela non só pola dedicación e o empeño que demostren no seu desenvolvemento, senón tamén co bo exemplo.

Por parte da comunidade educativa, tratarase de desenvolver un programa de implicación das familias que inclúa accións formativas sobre este tema. Algunhas actuacións que poden facer os pais para axudar a mellorar a lectura dos seus fillos son:

### **EDUCACIÓN INFANTIL:**

- Converter a lectura nunha rutina diaria. Tratar de ler ao seu fillo, polo menos, uns 15 minutos diariamente. A hora de ir á cama é un momento especialmente apropiado para ler xuntos.
- Permitir ao alumno/a manipular o libro.
- Usar o rostro, o corpo e a voz para facer divertida a lectura, usando distintas voces para os distintos personaxes.
- Mostrarlle as páxinas e falarlle sobre as ilustracións do libro, empregando un vocabulario máis amplo do que se emprega no propio texto.
- Mostrarlle as palabras.
- Gozar da "hora de ler contos".
- Rodear ao neno de libros.
- Permitir que o neno elixa os seus propios libros.
- Converter a lectura en algo especial.
- Axudar ao neno a obter a súa propia tarxeta da biblioteca do barrio.
- Obsequiarlle con libros e contos e usar os libros para premiarlle polos seus logros.
- Mostrarlle ao neno as partes dun libro. Ensinarlle a cuberta, comentarlle de que pode tratar o libro.
- Amosarlle como se len as palabras nunha páxina. Indicarlle que lemos as palabras de esquerda a dereita e de arriba para abaixo. Explicarlle que as palabras se separan por medio de espazos.
- Facerlle preguntas ao cativo/a e comentarios sobre o que ocorre na historia.
- Permitir que o neno faga preguntas.
- Non dudar en lerlle o mesmo libro, as veces que o demande.
- Deixar que sexa o neno/a quen conte o conto

### **EDUCACIÓN PRIMARIA:**

- Animar ao neno/a outorguen ler libros.

- Cando o rapaz/a saiba ler, animalo á facelo en voz alta e alternarse con el/a nesa actividade.
- Relacionar as historias dos contos co que ocorre na vida cotiá.
- Animar ao neno/a outorguen ler á hora de deitarse para coller o hábito lector.
- Ofrecer ós pequenos/as distintos tipos de libros, revistas, periódicos.
- Ensinar aos nenos a ler dunha forma crítica e reflexiva.

### **Necesidades e compromiso de formación para o profesorado**

Unha das nosas tarefas como equipo fecedor deste plan de lectura é sensibilizar e motivar ó resto do profesorado cara a trascendental e vital importancia da súa colaboración para o éxito non só do plan, se non dos propios alumnos na súa futura vida estudantil ou laboral (LER, ENTENDER, RAZOAR, ASEGURA O ÉXITO, RAPAZ !!) .

Para que o conxunto do claustró se sensibilice, se motive e colabore, debemos proporcionarlle ante todo:

#### **a. Información**

- Do noso plan (obxectivos, desenvolvemento e avaliación), en definitiva, o que pretendemos.
- Páxinas web ou bibliografía que poden consultar para enriquecer as súas programacións a este respecto.

#### **b. Formación**

Cursos que se poidan facer no centro escolar ou fóra para:

- Animación á lectura levada a cabo pola editorial Mac Millan para a aplicación :
  - na aula
  - na biblioteca escolar
- Mellora das propias competencias en novas tecnoloxías, para poder sacar o máximo rendemento ós puntos anteriormente citados; e que apoian asimesmo ó proxecto TIC do noso centro.

As fontes nas que mergullaremos para nutrir este 2º punto de formación serán:

CECE, Xunta, Plan anual de Formación do Profesorado, CEFOR, APIGA, editoriais, sindicatos....

## **7. Criterios e procedementos de avaliación**

### **a. Criterios de Avaliación**

#### **I. Criterios de avaliación xerais:**

- Adquirir-las habilidades lectoras perceptivas propias de cada etapa.
- Comprender, con corrección e fluidez, aquilo que se le.
- Pasar de ser lectores pasivos a lectores pasivos.
- Usar correctamente a biblioteca do centro, sabendo a que corresponde cada número do lombo do libro.
- Participar activamente nas campañas e concursos organizados pola biblioteca e que favorezan a lectura.

## **II. Criterios de avaliación específicos:**

### **EDUCACIÓN INFANTIL:**

- **A aplicar no ano académico 20 – 21:**
  - Le nos tempos dedicados para a lectura.
  - É organizado na hora de devolver os libros ou colocalos no seu sitio.
  
- **A aplicar no ano académico 21 – 22:**
  - Realiza un debuxo a partir dun conto elixido polo neno/a.
  
- **A aplicar no ano académico 22– 23:**
  - Recoñece os nomes das diferentes imaxes.
  
- **A aplicar no ano académico 23 – 24:**
  - Presta atención no tempo dedicado á lectura.

### **EDUCACIÓN PRIMARIA:**

- **A aplicar no ano académico 20 - 21:**
  - Control de lectura individual eficiente cunha temporización mensual.
  - Le o texto coa pronunciación, o ritmo e a entoación axeitados.
  - Emprega unha caligrafía clara, regular e ordenada, e empregando unha ortografía correcta.
  - Comprende os textos lidos e os resume con coherencia.
  
- **A aplicar no ano académico 21 – 22:**
  - Responde correctamente por escrito a preguntas relacionadas co vocabulario e a comprensión do texto.
  - É capaz de responder a preguntas sobre un texto lido de forma silenciosa.
  - Emprega a lectura como fonte de gozo.
  
- **A aplicar no ano académico 22 – 23:**
  - É capaz de facer lectura silenciosa nun tempo determinado.
  - Usa con frecuencia dicionarios, enciclopedias ou internet como fonte de información.

- Coñece os diferentes xéneros literarios.
- **A aplicar no ano académico 23 – 24:**
  - Escribe con letra clara e ortografía correcta.
  - Coñece os diferentes rexistros lingüísticos comunicativos e os emprega correctamente.

## E.S.O.

- **A aplicar no ano académico 20 - 21:**
  - Le revistas, xornais, cómics, receitairos, poemas, cancións que sexan de consulta habitual para o alumnado.
  - Coñece a obra dos clásicos.
  - Implícase na celebración do día do libro.
  - Mellorou as súas capacidades comunicativas e de síntese.
  - Aumentou o vocabulario.
  - Resume o contido das diferentes lecturas que se propoñen nas diferentes áreas.
  - Participa de forma eficaz no Día do libro. , e na elaboración da xornada de radio.
  - Analiza e/ou emprega Wattpad como ferramenta on-line de lecto-escritura xuvenil.
- **A aplicar no ano académico 21 - 22:**
  - Traballou os diálogos das unidades para adquirir unha entoación e pronunciación de tintes teatrais.
  - Coñece as grandes obras teatrais.
  - Representou algunha obra teatral traballada na clase.
  - Emprega os twits como ferramenta de lectura.
  - Participa e colabora no Día do libro e no Día das Letras Galegas.
- **A aplicar no ano académico 22 - 23:**
  - Coñece as diferenzas na estrutura narrativa dun resumo, dunha sinopsis, dunha crítica literaria ou artigo de opinión e emprégaa correctamente á hora de ofrecer un xuízo sobre un texto lido.
  - Utiliza os items a ter en conta cando se trata de comparar, avaliar, analizar ou enxuizar textos lidos.
  - Participa e colabora no Día do libro e no Día das Letras Galegas.
- **A aplicar no ano académico 23 - 24:**
  - Implicouse en todas as actividades de celebración do centro que implicaron a lecto-escritura.
  - Fixo unha escolla de títulos, aplicacións, páxinas web ou plataformas que estean relacionadas coa lectura para recomendar aos compañeiros-as.
  - Elaborou coa participación de compañeiros obras de distintos xéneros: poesía, teatro, conto infantil e relato curto.
  - Recoñece a lectura individual de calquera xénero como fonte de distracción e pracer.
  - É lector-a habitual de calquera xénero narrativo.

**b. Procedementos de Avaliación:**

**.b.i.I. Procedementos de avaliación xerais:**

- Mediante a lectura en voz alta na propia clase, comprobarase a adquisición ou non das habilidades lectoras propias de cada etapa.
- A través de preguntas ou coa realización de resumos poderase ter unha boa idea de si o alumno comprende ou non o que le.
- Mediante enquisas axeitadas averiguarase si o alumno ocupa o seu tempo de lecer coa lectura.
- A través da observación directa e do seguimento do alumno poderemos saber si sabe usa-la biblioteca do centro. Isto non se poderá levar a cabo mentres dure a situación do COVID-19.
- Grazas ao nivel de participación nas campañas e concursos que se poñan en funcionamento desde a biblioteca, obteranse datos importantes acerca do interese dos alumnos polas actividades propostas. Isto non se poderá levar a cabo mentres dure a situación do COVID-19.

**.b.i.II. Procedementos de avaliación específicos:**

Ó longo de catro anos levaranse a cabo os seguintes procedementos de avaliación específicos para cada ciclo, adecuándoos aos obxectivos específicos propostos para cada ano académico.

**EDUCACIÓN INFANTIL:**

- Dado o carácter deste ciclo educativo, empregárase a observación directa e a anotación dos resultados como medio para comprobar que as habilidades mencionadas nos obxectivos específicos para Educación Infantil se van adquirindo.

**EDUCACIÓN PRIMARIA:**

- Mediante a observación directa e a explicación oral das diversas situacións que viven os personaxes e dos medios nos que sucede a historia poderase avaliar a amplitude do campo visual e o grao de abandono do egocentrismo nesta etapa.
- Grazas á lectura individual e á escritura de cada neno recoñecerase si diferencian as letras e as palabras pola súa forma e se son capaces de debuxa-las correctamente.
- Mediante a observación directa e a anotación dos resultados, comprobarase que os alumnos len empregando a entoación, a respiración, o respecto das pausas, a articulación e a expresividade correctos.
- A través do diálogo cos alumnos, comprobarase que entenderon o argumentos da historia e que retiveron na memoria inmediata algúns detalles importantes. Os alumnos explicarán o argumento empregando algunhas das palabras novas aprendidas durante a lectura.
- A través da observación directa, comprobarase que o alumno vai sabendo empregar-lo dicionario.

- Mediante un control de velocidade lectora, comprobarase si os alumnos/as len o mínimo de palabras por minuto sinaladas para a súa idade.

### **E.S.O.:**

- A través do diálogo cos alumnos, comprobarase se estes toman a lectura como unha forma de pracer e diversión ou como unha obriga tediosa. Tamén poderá observarse este aspecto grazas á cumplimentación de enquisas axeitadas. O mesmo ocorrerá cos xéneros literarios.
  - Mediante a fala cos alumnos e a realización de escritos comprobarase si os alumnos empregan un vocabulario axeitado e teñen unha grafía correcta. Terase en conta tamén a ortografía e o uso dos signos de puntuación, conectores e secuenciadores da oración.
  - A través da observación directa e a anotación de resultados, comprobarase que os alumnos len empregando a entoación, a respiración, o respecto ás pausas, a articulación e expresividade correctos.
  - Mediante o diálogo co alumnado e a escritura de pequenos resumos comprobarase si o alumnado entende ou non os textos lidos.
  - A través da presentación de traballos expositivos, o alumnado amosará os seus coñecementos sobre os autores clásicos máis destacados.
  - Representarase para outras clases unha obra teatral traballada na clase.
  - Recitaranse poemas elaborados polos alumnos no día do libro.
  - Farase unha escolla dos twits máis graciosos por clase e compartiranse cos demais.
  - Celebraranse competicións de deletreo nas linguas estranxeiras.
  - Analizarase por trimestre un exemplar de periódico e revista nas distintas linguas traballadas no colexio para posterior análise e avaliación.
  - Farase unha escolla de títulos , aplicacións, páxinas web ou plataformas que estean relacionadas coa lectura para recomendarlos ao alumnado e que se incluírán na páxina web escolar achegando unha sinopse ou crítica..
  - Leranse ante outros cursos os relatos curtos, contos infantís elaborados polo alumnado
  - Crearase un concurso de relato curto que será publicado na web do colexio.
- ❖ **Todas as actividades programadas en grupo ou en grandes grupos serán reformuladas por e para medios telemáticos (intranet, web do colexio...) mentras dure a situación da Covid.**